



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR PARA A SELECCIÓN DE PERSONAL LABORAL, 1 ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE PONTECESURES

En Pontecesures, a dezanove de febreiro de 2025, reunido as 11 h. na Casa do Concello de Pontecesures o tribunal calificador designado por decreto de alcaldía nº 2025-0158 que se compón e está constituído da seguinte maneira:

Presidente: Carlos Besada Ferreiro, arquitecto do Concello de Pontecesures.

Secretaria: M^a Ángeles García Villaverde, secretaria do Concello de Pontecesures.

Vogais:

- Consuelo Ordoñez Martínez, traballadora social do Concello de Pontecesures.
- Francisco Freiría Oliveira, técnico de xuventude do Concello de Pontecesures.
- José Rodríguez Fructuoso, técnico de emprego do Concello de Pontecesures.

Estableceuse primeiramente as probas a realizar polos aspirantes, consistentes na resolución dun test de coñecementos teóricos e unha proba práctica segundo as bases aprobadas por resolución de alcaldía 2025-0128.

Iniciado o acto procédese a realizar as correspondentes probas entre todas aquelas persoas candidatas que, de conformidade coa oferta remitida pola oficina de emprego de Vilagarcía de Arousa, tiñán achegada a solicitude de participación ao proceso selectivo, presentáronse: José M^a Reyes Suarez.

Seguidamente o aspirante procedeu á realización das 2 probas propostas polo tribunal: un test de coñecementos teóricos e unha proba práctica. Entregado o test polo tribunal para a súa realización, o candidato desistiu renunciando a continuar no proceso selectivo.

Así, os membros do tribunal acordan:

1º.- Declarar deserto o proceso selectivo, para que se solicite un novo listado de candidatos/as preseleccionados pola oficina de emprego.

2º.- Elevar a proposta ante a Alcaldesa-Presidenta.

E non sendo outro o obxecto da sesión sendo as doce horas do mércores dezanove de febreiro de dous mil vinte e cinco, o presidente levanta a sesión, e para a súa proba, expídese este documento, que consta de dous folios, sendo asinado por todos os membros do Tribunal comigo o Secretario, do que dou fe.

Asdo.- Consuelo Ordoñez Martínez

Asdo.- Carlos Besada Ferreiro

Asdo.- M^a Ángeles García Villaverde

Asdo.- José Rodríguez Fructuoso.

Asdo.- Francisco Freiría Oliveira

